



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán

Materia	Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán			
Código	V01G180V01206			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Corvo Sanchez, Maria Jose			
Profesorado	Corvo Sanchez, Maria Jose Seidel , Isabell			
Correo-e	mcorvo@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es/">http://faitic.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	É unha materia de seis créditos, que se imparte no segundo cuadrimestre do primeiro curso do grao, e que está concibida como unha continuación da materia Segundo Idioma Estranxeiro I, impartida no primeiro cuadrimestre como un curso de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén esta lingua, entendendo con isto a lingua e a cultura dos pobos que se expresan en alemán e de modo principal Alemaña, Austria e Suíza. Xa que logo, debe entenderse esta materia como un medio de consolidación dunha boa base para seguir afondando máis adiante nos coñecementos do alemán, procurando prestar maior atención en posibles futuros cursos á progresión das destrezas orais, cuxa adquisición poderá ser máis rápida unha vez se asenten neste curso as bases gramaticais, léxicas e orais necesarias para unha aprendizaxe oral e práctica da lingua cotiá alemá.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

## Competencias de materia

- Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	A1	
- Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1	
- Sentar as bases do repertorio léxico básico do segundo idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.	A3	
- Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	A5 A13	
- Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	A10	
- Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socioculturais e da civilización dos países en que se fala o segundo idioma estranxeiro.	A7 A12	B5

### Contidos

Tema	
1. Introducción: O alemán onte e hoxe.	A pronunciación estándar e o curso de Alemán.
2. As preposicións de caso fixo: Acusativo e dativo.	Hobbys, intereses e relacións.
3. Falar sobre o pasado (I): O Perfekt ou pretérito perfecto.	Viaxes e medios de transporte. Imaxes de Alemaña.
4. O verbo e os seus complementos en acusativo e dativo: Nomes e pronomes persoais.	Datos e datas.
5. Falar sobre o pasado (II): O Präteritum ou pasado simple. Adverbios e os adxectivos detrás do verbo.	A vivenda e o seu contorno: Edificios e paisaxes.
6. Os pronomes posesivos e o nome: Declinación.	Textos e mensaxes curtos: Invitacións, receitas, cartas e postais.
7. O nome: Xénero e plural.	Derivados verbais, compostos e estranxeirismos.
8. As Wechselpräpositionen ou preposicións de dobre caso.	Medicina, saúde, deporte e outras actividades.
9. A oración subordinada e a declinación do adxectivo: Introducción.	O aspecto e a moda.
10. Verbos reflexivos e verbos impersonais.	Sobre o ano: Clima, festas, etc.
Observación:	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

Este temario inicial, en que se propón un estudo da lingua e da cultura alemás, está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia no referente aos temas de Landeskunde aquí propostos.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	6	8	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	30	34
Presentacións/exposicións	2	0	2
Traballos de aula	22	24	46
Traballos tutelados	10	40	50
Probos de resposta curta	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de organización: explicación pormenorizada do programa da materia e do seu desenvolvemento dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, libro de lectura obrigatoria e outros libros complementarios.
Sesión maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxico e cultural.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades léxicas e gramaticais: prácticas gramaticais e léxicas con exercicios adecuados aos temas expostos.
Presentacións/exposicións	Actividades complementarias: presentación por parte da profesora doutros materiais ou ferramentas para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira.
Traballos de aula	Actividades lingüísticas: práctica de lectura, escritura e tradución.

Traballos tutelados Preparación, realización e corrección de exercicios e comentario das dificultades lingüísticas e de Landeskunde. Actividades de repaso e control. Presentacións de contido lingüístico e/ou cultural.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Traballos tutelados	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto no aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valoración continua das prácticas gramaticais e léxicas.	20
Traballos de aula	Valoración continua da participación activa nas actividades lingüísticas e de Landeskunde.	10
Traballos tutelados	Valoración global das actividades de presentación e control de contido lingüístico e/ou cultural.	40
Probas de resposta curta	Proba escrita de contido léxico, gramatical e de Landeskunde.	30

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. A condición para ser avaliado será a asistencia a un 80% das aulas. O alumnado que xa cursase a materia e non poida cumprir o requisito de asistencia deberá informar a profesora de calquera incidencia a este respecto. Ademais, o alumnado que incumpra estas condicións deberá comunicarllo ó profesorado argumentadamente, coa fin de solventar e cubrir a perda de horas de asistencia e de traballo da maneira que considere axeitada o profesorado en cada caso particular.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar un exame ó final do cuadrimestre sobre os contidos da materia, e mais un traballo escrito acordado coa profesora responsable da materia. Este alumnado non ten ningunha obriga presencial, aínda que se lle aconsella que asista ás aulas.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación.

### Bibliografía. Fontes de información

Müller, M. et al., **Optimal A1: Lehrwerk für DaF. Lehrbuch**, München, ed. Langenscheidt,

Müller, M. et al, **Optimal A: Lehrwerk für DaF. Arbeitsbuch**, München, ed. Langenscheidt,

Bibliografía complementaria e orientadora

A. Optimal A1-Materialien

Audio CDs A1. Langenscheidt (3-468-47005-3)

Glossar Deutsch-Spanisch A1 (3-468-47017-7)

Lerner CD-ROM A1 (3-468-47010-X)

Optimale Links und Online-Projekte ([www.langenscheidt.de/optimal](http://www.langenscheidt.de/optimal))

B. Diccionarios e vocabularios

Collins. *Diccionario Compact Plus. Español Alemán. Deutsch Spanisch*. Glasgow, HarperCollins Publishers, 2004.

Tschirner, E. *Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen*. Berlin, Cornelsen. 2008.

Davies, H. *Diccionario de alemán para principiantes* (Dicc. ilustrado). Madrid, Susaeta Ediciones.

Langenscheidt. *Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español*. Berlin-München, Langenscheidt. 2005.

Langenscheidt. *Langenscheidt Diccionario Básico Alemán*, Berlin-München, Langenscheidt. 2001.

Pons. *Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch*. Stuttgart, Ernst Klett Sprachen GmbH. 2007/8.

Larousse Planeta. *Vocabulario Básico del alemán*. España, Larousse Planeta. 1997.

#### C. Gramáticas e outros libros

Braucek, B. / Castell, A. *Verbos alemanes*. Madrid, Idiomas. 2002.

Castell, A. *Gramática de la lengua alemana*. Madrid, Idiomas. 2002.

Corcoll, B./ R. *Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes*. Barcelona, Herder. 1999.

Funk, H. et al. *Deutsche Grammatik*. Zürich, Cornelsen. 2006.

Horbert R./ U. *Der kleine Duden. Gramática del alemán*. Madrid, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas. 2004.

Larousse. *Gramática Alemana*. Barcelona, Larousse Editorial S. A. 1999.

Ruipérez, G. *Gramática Alemana*. Madrid, Cátedra. 1994.

#### Bibliografía complementaria e orientadora:

##### A. Optimal A1-Materialien

Glossar Deutsch-Spanisch A1 (3-468-47017-7)

Optimale Links und Online-Projekte ([www.langenscheidt.de/optimal](http://www.langenscheidt.de/optimal))

##### B. Dicionarios e vocabularios

Tschirner, E. *Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen*. Berlin, Cornelsen. 2008.

Langenscheidt. *Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español*. Berlin-München, Langenscheidt. 2005.

Pons. *Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch*. Stuttgart, Ernst Klett Sprachen GmbH. 2007/8.

Braucek, B. / Castell, A. *Verbos alemanes*. Madrid, Idiomas. 2002.

Corcoll, B./ R. *Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes*. Barcelona, Herder. 1999.

Horbert R./ U. *Der kleine Duden. Gramática del alemán*. Madrid, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas. 2004.

Lemcke, C./ Rohrmann, L. *Grammatik Intensivtrainer A1. Deutsch*. Berlin, München, Langenscheidt. 2006.

Ruipérez, G. *Gramática Alemana*. Madrid, Cátedra. 1994.

---

#### **Recomendacións**

##### **Materias que continúan o temario**

Segundo idioma estranxeiro III: Alemán/V01G180V01305

---

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán/V01G180V01107

---

##### **Outros comentarios**

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán equivalentes a 6 créditos desta materia.  
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.